

FICHA DE INFORMANTE



Nome: Eladio Fernández Rodríguez, *o Cego de Aldixe*

Data de nacemento: 1926

Lugar de nacemento: Aldixe – Abadín



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Biografía: Eladio Fernández Rodríguez, *o Cego de Aldixe* (Aldixe – Abadín, provincia de Lugo), foi probablemente o último personaxe singular e representativo da tradición musical dos cegos. Faleceu o día de Reis do ano 2000 con setenta e catro anos de idade, na Coruña, e despois dunha longa enfermidade. Nos seus últimos tempos tocaba o violín e a gaita, cumprindo así o seu desexo de divertir os que con el estaban. Cando lle prestaban a atención debida sacaba o violín, afinaba brevemente e poñíase a tocar un sinfín de pezas coñecidas –ou non– para que os presentes se fosen animando, e provocaba en todos as ganas de atender á letra, bailar, cantar ou participar de calquera xeito. Mesmo cantaba algunhas cancións (parrafeos, pícaras, historias, a dos Cesteiros do Cadramón, pasodobres, rumbas etc.) que as orquestras tiñan a gala de tocar nas verbenas e romarías, ou interpretaba pezas moi coñecidas por todos para recreo e goce da xente nova que o escoitaba (a Alborada de Veiga, o pasodobre Lugo-Ferrol, O Gato Montés, e outras dese estilo, moi coñecidas pola xente maior). Cando os contertulios da festa, despois de beber e palicar, empezaban a falar alto e mesmo a interrumpir, agarraba a gaita e, sen deixar de interpretar pezas, tocaba e tocaba o tempo que fixera falta, mais agora sen problemas de volume e sen que lle viñeran a «tocar a el..., na zoca» con peticións ou despropósitos, moi propios nos ambientes festeiros de sobremesa.

(Texto de Xosé Luís Rivas)